




PROXECTO LECTOR

IES M. GARCÍA BARROS 2007- 2008

INDICE

Táboa de contidos

I. RESUME DA VIDA DO CENTRO.....	3
1.1. Historia do centro.....	3
1.2. Entorno social.....	3
1.3. Características do centro	5
1.4. Análise das prácticas lectoras do alumnado.....	6
II. A BIBLIOTECA	8
III. COORDINACIÓN DO PROXECTO.....	10
IV. DESCRICIÓN DAS ACCIÓNS DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.....	11
4.1. PLANS DE LECTURA DOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS.....	12
4.1.1 Departamento de LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.....	12
4.1.2. Departamento de LINGUA E LITERATURA GALEGA.....	23
4.1.3 Departamento de INGLÉS.....	24
4.1.4 Departamento de FRANCÉS.....	34
4.1.5 Departamento de CIENCIAS NATURAIS.....	37
4.1.6 Departamento de CC.SS.....	38
4.1.7 Departamento de CULTURA CLÁSICA.....	40
4.2. CLUB DE LECTURA “NA Estrada-525”	42
4.3. PLAN DE LECTURA promovido pola BIBLIOTECA e o Departamento de Normalización Lingüística:.....	48

I. RESUME DA VIDA DO CENTRO

1.1. Historia do centro

O IES Manuel García Barros, creado en 1967, está ubicado na vila da Estrada, provincia de Pontevedra. Nos seus inicios estaba no centro urbán e funcionaba como instituto de Bacharelato. No ano 1983 trasladouse á Avenida da Cultura, nos arredores da vila, onde se atopan os tres centros de ensino secundario que existen na actualidade na Estrada. Coa implantación da LOGSE pasou a ser o actual IES “Manuel García Barros”.

Aínda que A Estrada é un concello de gran extensión (281 km² e máis de 22.000 habitantes distribuídos en 51 parroquias) con predominio de núcleos rurais, a procedencia do noso alumnado é, na súa maioría, do núcleo urbano da Estrada, posto que na ESO recibimos ao alumnado procedente do colexio “Pérez Viondi”, ubicado no centro da vila. Só unha minoría do alumnado (sobre todo de Bacharelato) procede doutros centros de ensinanza secundaria do medio rural ou doutros concellos limítrofes.

É moi pouco significativa a presenza de alumnos e alumnas inmigrantes (menos de 10 este curso, procedentes de distintos países de Latinoamérica).

En xeral, non se presentan problemas serios de disciplina nin elevados índices de fracaso escolar. Para datos máis concretos, remitimos ao Plan de Convivencia do Centro.

1.2. Entorno social

✓ Contexto socio-económico

Predomina unha economía de nivel medio. As actividades relacionadas co sector primario (agricultura, gandeiría e explotación forestal) son as máis frecuentes no ámbito máis rural, mentras que no ámbito urbano a poboación dedícase máis ás actividades do sector secundario derivadas da riqueza forestal (serradoiros e industria do moble) e ás relacionadas co sector servizos, con predominio de pequenos comerciantes. Debido á

proximidade con Santiago de Compostela, unha parte da poboación trasládase a diario para traballar nesa cidade.

✓ **Contexto socio-cultural**

O alumnado vese favorecido por un ambiente cultural aceptable, xa que A Estrada conta con institucións, asociacións, plataformas, empresas, etc. que ofertan actividades de gran interese cultural e educativo e que, nalgúns casos, colaboran cos centros educativos:

- O teatro ten unha programación habitual e outra específica para nenos, ademais doutras actividades como conferencias.
- O cine (dúas salas) proxecta habitualmente películas de interese. Debido á perda de espectadores (problema xeral en todos os pobos e cidades) os empresarios emprenderon accións encamiñadas a motivar aos máis novos coa colaboración dos colexios, institutos e algunha cafetería da Estrada con películas a moi baixo prezo e de interese cultural (“La joven Jane Austen”, “El amor en los tiempos del cólera”...) e sesións especiais para nenos. Ademais, colaboran co programa “Cinensino”, promovido polo Concello.
- O Concello participa activamente na vida cultural da Estrada coa Fundación Cultural da Estrada, os Premios de Novela e Poesía, a Programación Cultural, e colabora nas diversas actividades e programas dirixidos ao alumnado de ESO como:
 - Programa de Prevención de Drogodependencia con sesións que imparten monitores nas aulas dos centros educativos.
 - Programa “Cinensino” coa proxección de tres películas (unha por trimestre) no cine da vila e realización de tres unidades didácticas (unha por película) por parte do alumnado cos respectivos titores na aula.
 - Organización de conferencias en colaboración cos centros educativos.

-Pequenas aportacións económicas para a realización de actividades.

- A Plataforma “A Estrada Dixital “ fai posible que a maioría do noso alumnado dispoña de acceso á Internet.
- A biblioteca municipal colabora cos centros de ensino da vila (adquisición de libros de lectura infantil, xuvenil, clásicos, etc.) ofrecendo un servizo aos estudantes e ás familias que complementa o das bibliotecas escolares da zona.

✓ **Contexto socio-lingüístico**

No referente aos usos lingüísticos do noso alumnado, aínda que somos unha comunidade bilingüe, destaca o uso dominante da lingua castelá entre o alumnado procedente do centro urbano da vila, con acusadas interferencias lingüísticas coa lingua galega.

Para recabar datos máis concretos, remitimos ao Proxecto Sociolingüístico de Centro.

1.3. Características do centro

- Ensinanzas que se imparten: ESO e Bacharelato nas modalidades científico-técnica, biosanitaria, ciencias sociais e humanística.
- Ampla atención á diversidade: agrupamentos nas materias instrumentais (Lingua Castelá e Literatura, Lingua e Literatura Galega e Matemáticas en 1º, 2º e 3º de ESO), clases de apoio cunha profesora de Pedagogía Terapéutica e outra de Audición e Linguaxe, e dous grupos de PDC (3º e 4º).
- Persoal do centro: está integrado por 54 docentes (19 departamentos didácticos) e 7 non docentes (2 conserxes, 2 administrativos e 3 limpadoras).
- Alumnado: hai arredor de 425 alumnos distribuídos nos seguintes grupos:
 - 1º de ESO: tres grupos ordinarios e un agrupamento.
 - 2º de ESO: tres grupos ordinarios e un agrupamento.
 - 3º de ESO: tres grupos ordinarios, un agrupamento e un grupo de PDC.
 - 4º de ESO: tres grupos ordinarios e un grupo de PDC.

1º de Bacharelato: catro grupos.

2º de Bacharelato: catro grupos.

- **Horario:** De luns a venres de 8,45 a 14,25, e os martes pola tarde de 16,30 a 18,10. Hai dous recreos: o 1º de 10,25 a 10,45; e o 2º, de 12,25 a 12,45. A duración das clases é de 50 minutos. Os mércores pola tarde dedícanse á realización de exames e outras actividades.
- **Incorporación das novas tecnoloxías:** páxina web do centro, blogs de departamentos, da biblioteca e do clube de lectura e programa Moodle coa creación e posta en marcha de Aulas Virtuais.
- **Instalacións:** Hai 22 aulas grupais, 1 aula de apoio, 1 aula de Audición e Linguaxe, 2 aulas de Educación Plástica e Visual, 1 de Música, 1 de Tecnoloxía, 2 laboratorios, 2 aulas de Informática, 1 aula de audiovisuais, 1 ximnasio que se complementa co uso do pavillón municipal coordinado co IES “Antón Losada Diéguez”, varios departamentos, 1 sala de usos múltiples (para exames, vídeos, DVD, canón, reunións, conferencias e outras actividades), 1 sala de recepción de pais/nais, 1 sala de profesores, catro despachos (Dirección, Xefatura de Estudos-Secretaría-Vicedirección, Orientación, Administración), 1 conserxería e 1 cafetería. Ademais, dispoñemos de medios audiovisuais en cada unha das tres plantas do edificio. Capítulo aparte merece a BIBLIOTECA á que se dedica un espazo situado na planta baixa, que resulta insuficiente e pouca axeitada polas súas dimensións reducidas e a incomodidade do mobiliario.

1.4. Análise das prácticas lectoras do alumnado

Segundo as observacións do profesorado, unha gran parte do alumnado presenta problemas en relación coa lectura que afectan negativamente ao seu proceso educativo:

- Falta de motivación e de hábito.

- Rexeitamento da lectura como fonte de coñecemento e pracer.
- Preferencia polos medios audiovisuais para o tempo de lecer.
- Desorientación á hora de escoller as lecturas.
- Incorreccións na lectura en voz alta que dificultan a comprensión do texto.
- Escasa competencia léxica.
- Dificultades para concentrarse e captar a intención e as ideas esenciais dos textos.
- Insuficiente competencia nos procedementos de búsqueda de información.

Estes problemas foron confirmados polo propio alumnado na enquisa realizada no primeiro trimestre na que se pón de relevo estes datos:

- Unha maioría le pouco por iniciativa propia e só realizan as lecturas obrigatorias nas respectivas materias.
- Como consecuencia da súa escasa afección, o alumnado admite como dificultade máis destacada a da **comprensión lectora**.
- Os que len habitual e voluntariamente manifestan que o fan sobre todo por entretemento, por aprender e porque lles gusta “meterse” na historia, e que seguen os consellos dos amigos ou amigas, do profesorado e da familia para a elección das lecturas.
- Os temas preferidos son os propios da adolescencia, aventuras, terror e humor.
- O alumnado que se confesa máis lector é o que vive nun entorno familiar no que se le e se comentan as lecturas.

Un dato que nos fai sentir optimistas é que a afección á lectura vai en aumento, sobre todo desde que nalgúñas disciplinas se elaboraron plans nos que diminúen as lecturas “obrigatorias” e aumentan as suxeridas ou recomendadas, e se incentiva a actividade

lectora.

Aínda que as alumnas soen ser lectoras máis constantes, hai xa moitos alumnos que se van animando a ler máis, sobre todo a partir de que “descubren” algún libro que lles gustou.

II. A BIBLIOTECA

CARACTERÍSTICAS DA BIBLIOTECA DO CENTRO E DE AULA

- O espazo dedicado á **BIBLIOTECA DO CENTRO** é de acceso fácil e moi luminoso, pero insuficiente; e o mobiliario, inadecuado polo formato e a disposición das mesas, non permite o traballo en grupo nin a lectura recreativa. Sería necesaria unha transformación física que posibilitase a ubicación correcta e accesible dos fondos dos que dispoñemos e crear espazos novos (aula multimedia, espazo para a lectura, traballos en grupo, lectura informal, sección audiovisual...). Polo de agora, estanse a crear **BIBLIOTECAS DE AULA** con algúns fondos que se van incrementando pouco a pouco en relación coas distintas materias, ademais de materiais de consulta (dicionarios, atlas, mapas, textos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, do Neno, dos Animais, Constitución Española, Estatutos Europeos para os Centros Educativos Democráticos sen Violencia, etc.).
- Con respecto aos fondos, seguimos facendo un esforzo para cubrir todas as necesidades das distintas áreas. Contamos con máis de once mil fondos rexistrados, aínda que parte deles son obras obsoletas ou cun notable deterioro. Nos últimos cursos vense realizando unha expurgación destes fondos e incrementamos significativamente os fondos de literatura xuvenil, cómics, cintas de vídeo, DVD, CD-ROM, discos/CD audio, e outros medios audiovisuais, así como

tamén todo o referente a materiais relacionados con contidos transversais, materias optativas, alumnado con dificultades específicas, etc. Sen embargo, ao non contar cunha suficiente dotación económica dos presupostos do centro destinado á biblioteca, nin con axudas da APA, nin de ningunha outra entidade local, dificultase a adquisición de máis obras de literatura xuvenil adaptadas aos gustos e demandas do noso alumnado, así como obras de interese para os distintos departamentos didácticos. Os fondos están case todos ubicados na biblioteca e ao longo destes cursos fóronse incorporando os que estaban depositados nos departamentos.

- Uso e funcionamento da biblioteca. A persoa responsable da biblioteca recolle, xestiona e organiza a maioría dos fondos informativos do centro. Dedícalle 7 horas semanais do seu horario lectivo e conta co apoio dalgúns profesores e profesoras que dedican as horas de garda na biblioteca á colaboración na xestión e execución das actividades que se organizan e realizan dentro e fóra desta.

O horario de apertura da biblioteca do centro abarca das 8,45 ás 14,25 de luns a venres, incluíndo os dous recreos (cunha duración de vinte minutos cada un).

A xestión e dinamización da biblioteca implica as seguintes actividades:

- Realización de actividades relacionadas coa formación dos usuarios no primeiro trimestre de cada curso académico, dirixidas especificamente ao alumnado de 1º e 2º de ESO, aínda que están abertas a todos aqueles que estean interesados.
- Publicación das normas de funcionamento da biblioteca na páxina web do centro, en trípticos, carteis, etc.
- Elaboración e publicidade do plan de xestión de ubicación de fondos que permita unha organización máis áxil e regular aos distintos usuarios.
- Expurgación dos fondos e materiais que se consideran obsoletos e de ningunha

utilidade.

- Catalogación, etiquetado e ubicación dos fondos de nova adquisición.
- Ampliación do carné de usuario aos pais e nais do alumnado.
- Publicación quincenal dos préstamos sen actualizar, para inculcar no alumnado a responsabilidade e o compañeirismo.
- Elaboración e exposición de listaxes e/ou fotocopias de portadas das novidades adquiridas pola biblioteca.
- Divulgación das actividades, convocatorias, libros de lectura recomendados, enlaces de interese, etc. a través do blog da biblioteca <http://www.pasandopaxinas.blogspot.com/>, da páxina web do centro e dos boletíns que se envían ás familias nos que se lles invita a participar nas actividades promovidas pola biblioteca e a compartir as lecturas cos seus fillos.
- Coordinación do Proxecto Lector de Centro.
- Implicación na creación de bibliotecas de aula.
- Colaboración en actividades colectivas (promovidas polos departamentos, vicedirección, Normalización Lingüística, etc. ou pola propia biblioteca).
- Apoio material e humano aos usuarios da biblioteca.

III. COORDINACIÓN DO PROXECTO

- A coordinadora do Proxecto Lector do Centro é a responsable da biblioteca: Pura Torres Rodríguez.
- Profesorado colaborador: xefes de departamentos, representante do Departamento

de Orientación e de Normalización Lingüística e titores e profesorado de 1º e 2º de ESO.

IV. DESCRICIÓN DAS ACCIÓNS DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

As actividades dirixidas ao fomento da lectura ou da escritura víñanse realizando ata este curso sen enmarcarse nun plan global (eran actuacións puntuais dos departamentos, de Normalización Lingüística e da biblioteca: concursos literarios, exposicións de paneis coas portadas dos libros recomendados pola biblioteca, os máis lidos, as recomendacións boca a boca entre alumnado e profesorado, exposicións de libros relacionados con temas de interese pola súa actualidade, conmemoracións, centenarios, celebracións do Día de, concursos, etc.). Este curso, coa elaboración do **Proxecto Lector de Centro**, a biblioteca e o Departamento de Normalización Lingüística propoñen levar a cabo un plan de lectura para apoiar, reforzar e complementar os plans e as actividades deseñados nas programacións didácticas das distintas disciplinas.

Así pois, o plan de actuación para o fomento da lectura entre o noso alumnado integra accións diversas: por unha banda, os **plans de lectura dos departamentos** -que se centran máis en desenvolver competencias e destrezas en relación coa respectiva materia incorporando estratexias de comprensión lectora e de expresión oral e escrita-, o **Club de lectura Na Estrada-525** e o plan de lectura **“Tempo de LEceR”** deseñado pola biblioteca e o Departamento de Normalización Lingüística que propoñen unha hora semanal de lectura recreativa na aula e outra de lectura na hora de tutoría para reforzar esas accións, entendendo que o fomento do hábito lector e o pracer de ler non son irreconciliables coa didáctica da lectura e o tratamento dos temas transversais.

4.1. PLANS DE LECTURA DOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

Deseño de actividades en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas levadas a cabo polos distintos departamentos coa utilización da biblioteca como apoio (con recursos humanos e materiais):

4.1.1 Departamento de LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

A) Descrición do plan de lectura, actividades e listados de lecturas para Lingua Castelá e Literatura dos cursos de ESO.

O plan de fomento de lectura do departamento didáctico de Lingua Castelá e Literatura lévase a cabo coa colaboración da biblioteca do centro, que non só nos surte dos fondos e recursos necesarios senón que, ademais, se implica nalgunhas das actividades que se realizan en torno á actividade lectora do noso alumnado.

Fomentar a lectura segue sendo un dos nosos obxectivos fundamentais; pero o maior reto preséntase co alumnado que non le, que non lle gusta ler e que se nega a facelo. Por iso centramos os nosos esforzos en atraer a súa atención hacia os libros e a lectura.

Sen embargo, todo intento por fomentar a lectura entre o alumnado pode ser vano se non contamos co apoio das persoas do seu entorno familiar, que poden desempeñar un papel fundamental co seu exemplo e propiciando os medios e o ambiente idóneo para que o adolescente adquira hábitos de lectura ou ben non perda os adquiridos ao longo da súa infancia. Por este motivo, unha das accións que se emprenderán desde este departamento didáctico, en colaboración coa biblioteca do centro, será a de informar ás familias das propostas de lectura para os seus fillos e fillas, así como das actividades que se levarán a cabo en relación coas mesmas; ao mesmo tempo, solicitarase a súa colaboración para que lean os libros que propoñemos e participen nas actividades en relación coa lectura.

Á hora de elixir os libros que se han de ler en cada nivel da ESO tívose moi en conta

que a lectura ha de ser do agrado de todos e que de ningunha maneira deben percibila como unha imposición máis da actividade académica. Por iso, selecciónanse os títulos polo interese dos seus contidos para o noso alumnado, sen esquecer que deben servir tamén para abordar aspectos do currículo. Tanto os libros de lectura como os textos que se traballen nas clases servirán de punto de partida para reflexións que lles farán tomar conciencia de cuestións como a paz, a saúde, a igualdade, a tolerancia, a convivencia... etc., ou para a expresión da valoración persoal. Por outra parte, poderán ser utilizados para traballar algúns aspectos do programa como caracterización do xénero literario, modos de expresión, recursos literarios, resumes, léxico, búsqueda de información sobre algún aspecto tratado na obra, elaboración de breves traballos sobre o tema, o contexto da obra, o autor, etc.

As actividades que propoñemos aos nosos alumnos e alumnas en torno ás lecturas deberán servir, como mínimo, para facerlles disfrutar dela ao tempo que se promoven estratexias para desenvolver a comprensión lectora, a expresión oral e a produción de textos escritos, sobre todo no primeiro ciclo da ESO.

Actividades para realizar na aula en todos os cursos da ESO:

- Na clase: lectura en voz alta de fragmentos que poidan despertar a súa curiosidade e interese e actividades de lectura que inciten á escritura e viceversa: adaptación de relatos (convertilos nun texto dialogado); versións dun relato, un capítulo dunha narración, unha escena de teatro...
- Representación de escenas teatrais, pasaxes ou capítulos de narracións, dramatización de poemas, ...
- Lectura colectiva en voz alta para potenciar a lectura expresiva e favorecer a identificación do lector co narrador ou o personaxe.
- Exposición dun tema, realización dun debate, etc. en torno ao tema central dun libro

para demostrar a necesidade da súa lectura previa, así como a lectura doutras obras ou textos nos que se aborde ese tema.

- Tertulias literarias para incitar á lectura incluso a aqueles que non len habitualmente, pois só tendo lido os libros poderán participar no coloquio.

Actividades para realizar fóra da aula todos os cursos da ESO:

- Búsqueda de información sobre obras, autores, contexto da obra, temas, etc.
- Elaboración de traballos escritos sobre algún aspecto da obra, do autor, do contexto, etc.
- Creación de antoloxías propias (selección daqueles textos que máis lles teñan chamado a atención ou que teñan para eles un significado especial: poemas, citas, textos breves, relatos curtos,...).
- Elaboración dun caderno coas fichas de lectura deste curso académico.

Concreción por cursos:

1º de ESO

Dado que é o primeiro ano deste alumnado no instituto, poderemos realizar actividades de lectura en voz alta (textos, relatos breves, poemas, etc.) ao inicio das clases para comprobar os niveis de comprensión lectora, entonación, dicción, ritmo, etc. Deste modo, poderase facer un diagnóstico das carencias de cada un e poñer en marcha accións que sirvan para mellorar a competencia lectora daqueles que o necesiten.

Partindo disto, neste curso de 1º da ESO incidirase especialmente na práctica da lectura comprensiva e no estímulo da escritura con actividades variadas en torno ás lecturas realizadas colectivamente na clase ou as realizadas de forma individual na casa.

Listado de lecturas propostas para 1º de ESO

- ÁLVAREZ, Blanca: ***El curso en que me enamoré de ti.***
- BORNEMANN, Elsa: ***¡Socorro! (12 cuentos para caerse de miedo).***
- BURGESS, Melvin: ***Billy Elliot.***
- DAHL, Roald: ***Matilda***

- DAHL, Roald: ***Danny, el campeón del mundo.***
- DAHL, Roald: ***Charlie y la fábrica de chocolate.***
- DURRELL, Gerald: ***Los secuestradores de burros.***
- FRABETTI, Carlo: ***Calvina.***
- HEUCH, Sigrid: ***La canción de Amina.***
- KERR, Judith: ***Cuando Hitler robó el conejo rosa.***
- RODARI, Gianni: ***Cuentos escritos a máquina.***
- SIERRA I FABRA, Jordi: ***Tiempo de escarcha.***
- TEIXIDOR, Emili: ***El crimen de la Hipotenusa.***

2º de ESO

Na programación didáctica do departamento concrépanse para os grupos deste nivel as seguintes actividades en relación co fomento da lectura e a escritura:

- Taller de escritura e taller literario:

1. Cada 15 días lerase e creárase un texto diferente: teatral, narrativo, poético, publicitario...
2. En grupos (ata catro alumnos) ou de forma individual seleccionarán os textos que máis lles teñan gustado facendo unha reflexión sobre os motivos.
3. Creación de textos propios poñendo en práctica os trazos observados nos textos lidos.
4. Lectura na clase dos textos seleccionados e os creados por eles, e selección, por votación, do que consideren o mellor.
5. Ao final farase unha antoloxía cos textos seleccionados e os textos creados por eles que máis votos teñan obtido ao longo do curso. Esta antoloxía depositarase na biblioteca do centro.
6. Creación dun club literario que se reunirá nos recreos para ler e comentar fragmentos das obras que cada alumno elixe libremente.

- Celebracións do “Día de...”

1. En torno a dúas ou tres semanas antes do “Día de...” buscarase información en torno ao tema no que se centra ese día: a paz, a muller, as bibliotecas escolares, o libro, as linguas europeas,...

2. Seleccionaranse ou elaboraranse textos en relación co tema.
3. Realizaranse carteis e exporanse nos corredores do centro para a súa maior difusión.

Listado de lecturas propostas para 2º de ESO

- POE, Edgar Allan: ***EL gato negro y otros cuentos de terror.***
- Dahl, Roald: ***Boy. / Los mejores relatos de Roald Dahl. Ed. Alfaguara. Serie roja. / Relatos escalofriantes de Roald Dahl. Ed. Alfaguara. Serie roja.***
- Villanes Cairo, Carlos: ***Retorno a la libertad.*** Ed. Gran Angular.
- ***Relatos de humor.*** Aula de Literatura, Vicens Vives.
- ***Relatos fantásticos.*** Aula de Literatura, Vicens Vives.

Sen embargo, a finais de setembro e principio de outubro, xurdíu a idea de modificar e ampliar o proxecto de lectura para este curso. Esta idea foi auspiciada por dúas circunstancias:

- A promoción da lectura entre o alumnado de 2º de ESO.
- A demanda, por parte dos discentes, dunha ampla lista de libros de lectura e a súa boa predisposición a ler máis dun libro por avaliación.

Así, comezouse esta andadura formando un grupo de alumnos e alumnas pertencentes aos tres grupos de 2º que se reúnen todos os xoves no primeiro recreo. Nese tempo propóñense distintas actividades:

- Lectura dun libro por avaliación. (As lecturas consensúanse entre os rapaces e a coordinadora -neste caso, a profesora de Lingua Castelá e Literatura que imparte clases nestes grupos-). Aclaracións sobre as dificultades de lectura.
- Calendario de lectura: cada semana establécese un mínimo de páxinas que hai que levar lidas.
- Realización dun breve resume do mesmo nunha cartulina Din A-4, sinalando: datos do autor, resume da obra, crítica do lector e recomendación de lectura.
- Elaboración dunha enquisa sobre os gustos lectores e as preferencias de literatura xuvenil dos pais, nais ou titores legais.

- Creación dun cartel para o Día do Libro.
- Identificación, cun nome, do grupo que integre este proxecto.
- Elaboración dun informe que, a finais de maio, se entregará á coordinadora da biblioteca coa valoración das distintas lecturas.
- Exposición, en xuño, dos traballos máis votados.

En cada trimestre pódense dar de alta e baixa no proxecto os alumnos que queiran. Trátase de que sexa unha actividade flexible e participativa, xa que está aberta ás propostas de traballo dos discentes.

As lecturas realizadas polo alumnado participante na primeira e segunda avaliación foron as que seguen:

1ª avaliación: *Las crónicas de Narnia* (C. S. Lewis), *Los ladrones de Santo Grial* (Renato Giovannoli), *Eragon* (Cristopher Paolini), *La perla* (John Steinbeck), *Caperucita en Manhattan* (Carmen Martín Gaité), *La historia interminable* (Michael Ende), *Marianela* (B. Pérez Galdós), *La vuelta al mundo en 80 días* (Jules Verne), *Un año irrepetible* (Eduardo Alonso), *El camino* (Miguel Delibes), *Vampiratas* (Jsutine Soper), *La loba y la niña* (Henri Loevenbruck).

2ª avaliación: *El principito* (Antoine de Saint Exupéry), *El príncipe destronado* (Miguel Delibes), *Las crónicas de Narnia* (C.S. Lewis), *Los escarabajos vuelan al atardecer* (Maria Gripe), *Luces de norte* (Philip Pullman), *Fábulas completas* (Lafontaine), *Memorias de Idhún: La resistencia* (Laura Gallego García), *El niño con el pijama de rayas* (John Boyne), *Poesía española para jóvenes* (Ana Pelegrín), *Campos de fresas* (Jordi Sierra i Fabra), *Mamá no me montes escenas* (Rosie Rushton), *El hombre invisible* (Herbert George Wells), *Manolito Gafotas: Los trapos sucios* (Elvira Lindo), *El medallón perdido* (Ana Aldecoa), *Eidolon* (Jane Johnson), *Fábulas* (Félix María Samaniego).

3º de ESO

O alumnado deste nivel deberá ler obrigatoriamente unha obra en cada trimestre. Terán que elixir, polo menos, unha das obras de teatro ao longo do curso.

Ademais, a lectura voluntaria doutras obras suporá un incremento da puntuación final.

Actividades en relación coa lectura e a escritura:

- Realización de traballos en relación coas lecturas obrigatorias (de aspectos relacionados co currículo ou ben con temas transversais, expresión da opinión persoal, etc.).
- Comentario oral das lecturas na clase, especialmente as voluntarias, que serán “premiadas” con +0,5 puntos na nota final de avaliación.
- Efemérides: cada venres de mes, dous alumnos farán unha breve exposición sobre un autor ou autora, que incluírá uns mínimos datos biográficos, e a lectura dun breve fragmento dalgunha das súas obras. O autor ou autora será seleccionado pola profesora, que dará o nome aos alumnos a semana anterior. Sempre se tratará dun autor ou autora -de calquera lingua e nacionalidade- de quen se cumpra aniversario (de nacemento, morte, premio importante concedido,...) nesa data -venres en cuestión- ou ao final da semana seguinte. Tratará de fomentar o coñecemento de escritoras e escritores que poidan resultarlles máis atractivos.

Listado de lecturas propostas para 3º de ESO

1ª avaliación:

- Alonso de Santos: ***La estanquera de Vallecas***.
- González, Lola: ***Brumas de octubre***.
- Lianas: ***Así es la vida, Carlota***.

2ª avaliación:

- Fernán Gómez, F.: ***Las bicicletas son para el verano***.
- Mendoza, E.: ***Sin noticias de Gurb***.
- Arregui, M.: ***Saxo y rosas***.

3ª avaliación:

- Buero Vallejo, A.: ***Historia de una escalera***.
- Hinton, Susan: ***Rebeldes***.
- Gallego, L.: ***Memorias de Idhún (I)***.

4º de ESO

Este curso, partindo da experiencia positiva dos cursos pasados, continuarase co plan de lecturas de obras completas nos grupos de 4º. Coa fin de que o alumnado se achegue con deleite ás lecturas e elixa o que de verdade lle interesa ler, proporáselle que seleccione seis obras dun amplo e variado listado que está á súa disposición na biblioteca do centro. Os alumnos estarán obrigados a demostrar que as teñen lido con actividades variadas nas que se valorará non só o feito de que teñan lido os libros, senón a súa capacidade para expresar –tanto de forma oral como escrita– as súas opinións, reflexións, análises, etc. sobre distintos aspectos da obra e a súa conexión con aspectos do currículo.

B) Ámbito Sociolingüístico do PDC de 3º de ESO

Procedementos a seguir:

- Implicar á familias, para o cal se lles informará das obras de lectura para este curso e solicitarase a súa colaboración.
- Convertir a lectura no eixe do proceso de ensino-aprendizaxe traballando a lectura comprensiva conxuntamente coa expresión oral e escrita e os contidos correspondentes do currículo.
- Utilizar a biblioteca como centro de recursos e como sala de lectura individual e silenciosa dúas horas á semana.
- Crear unha biblioteca de aula cos textos e materiais didácticos necesarios (enciclopedias, dicionarios, periódicos, mapas, películas, libros de lectura, xogos educativos, etc.) para o desenvolvemento da actividade lectiva e as actividades de lectura nas clases (colectiva, en voz alta e con realización de actividades).
- Propiciar tertulias literarias sobre os libros lidos individualmente na biblioteca e na casa.

Actividades:

1. Actividades de apoio ao currículo:

- ✓ Lectura na clase de textos en distintos soportes (extraídos de Internet, da prensa diaria, de revistas especializadas, de enciclopedias, de libros de consulta, etc.) para traballar a comprensión lectora, con apoio do dicionario, e a realización de esquemas e resúmenes.
- ✓ Lectura colectiva en voz alta de obras completas na aula:

A volta ao mundo en 80 días de Jules Verne: para traballar contidos de Xeografía (localizar os lugares que recorre, elaborar mapas, etc.), realizar exposicións en relación co contido e cos temas transversais (colonización, diversidade cultural, racismo, etc.).

Esto es Troya: para traballar a busca de información sobre Homero, a súa obra e a guerra de Troya, así como a entonación e a puntuación nas estruturas dialóxicas, as características do xénero dramático e a posta en escena das pasaxes máis atractivas para o alumnado. Servirá tamén como pretexto para crear textos dramáticos propios.

Una historia de amor como otra cualquiera de Lucía Etxebarría: para traballar temas transversais (maltrato de xénero), analizar as características do xénero narrativo, identificar os trazos de humor e crear textos narrativos propios en torno a un tema transversal (machismo, racismo, consumismo, etc.).

Enderezo descoñecido de Kresmann Taylor: para a busca de información sobre o nazismo alemán, a produción de textos expositivos sobre ese tema ou sobre o Holocausto, a análise da estrutura da carta e a escritura de cartas persoais.

Poetízate, unha antoloxía poética de Fran Alonso, idónea para desfrutar cunha poesía que trata temas próximos aos adolescentes, analizar as características do xénero lírico e producir os seus propios poemas.

2. Actividades de lectura recreativa na biblioteca e na casa, alternando a lectura de libros en castelán e libros en galego. Deberán ler un mínimo dun libro ao mes.

Dedicaranse dúas horas semanais á lectura individual e silenciosa na biblioteca. Poderán elixir o libro que queiran, comezalo a ler na biblioteca e levalo para a casa no caso de que non completasen a súa lectura. Unha vez terminado, deberán elaborar unha ficha co resume do seu contido e a valoración persoal, indicando se recomendarían a súa lectura e por que. Cada alumno e alumna disporá dunha libreta na que anotarán estas fichas de lectura e que será revisada periodicamente pola profesora para a súa correspondente avaliación. O número de libros que lean é indefinido, pero cantos máis libros se lean maior será a puntuación final no Ámbito Socio-Lingüístico.

A actividade anterior complementarase na aula cando se queira comentar ou debater algún aspecto da lectura que estean realizando (o tema, a comprensión dalgún aspecto, a discusión da interpretación que fagan dalgún feito ou acción, etc.), ou ben cando se queira recomendar a lectura aos compañeiros ou compañeiras. Leranse na clase os fragmentos ou capítulos que se consideren de maior interese ou dificultade.

En xeral, todas as lecturas servirán de punto de partida para reflexións diversas en relación co contido ou coa forma, con aspectos do currículo ou coa experiencia persoal de cada un dos lectores ou lectoras. Coa posta en común das lecturas realizadas practicarase a comunicación oral e coa ficha de lectura porase en práctica a escritura; en ambas vertentes da comunicación verbal se practicará a exposición das valoracións persoais, puntos de vista, gustos e preferencias con respecto aos temas, os personaxes, etc.

1º DE BACHARELATO

Lecturas obrigatorias:

- ♦ *La Celestina*.
- ♦ *Novelas Ejemplares*.
- ♦ *El lindo don Diego / El caballero de Olmedo*.

Estas lecturas, aparte de ilustrar a teoría das diversas épocas literarias, servirán para analizar en profundidade os contidos e facer traballos que aborden aspectos formais significativos de cada unha delas. Para superar a materia, os alumnos deberán demostrar que as teñen lido e traballado con proveito.

Ademais, propónse un listado de lecturas voluntarias:

- ALLENDE, I., *El zorro*, ed. Sudamericana.
- BOYNE, J., *El niño con el pijama de rayas*, ed. Salamandra.
- CAPOTE, Truman, *A sangre fría*, ed. Anagrama.
- CERCAS, Javier, *Soldados de Salamina*, ed. Tusquets.
- DOS PASSOS, J., *Manhattan Transfer*, ed. Edasa.
- GARCÍA MÁRQUEZ, G., *El coronel no tiene quien le escriba*, de Alianza.
Cien años de soledad, ed. Alfaguara.
- GOLDING, W., *El señor de las moscas*, ed. Alianza.
- GREENE, G., *El americano impasible*, ed. Alianza.
- HESSE, H., *Bajo las ruedas*, ed. Alianza.
- HIGHSMITH, *Patricia, La celda de cristal*, ed. Alianza.
- HUXLEY, Aldous, *Un mundo feliz*, ed. Debolsillo.
- KEROUAC, J., *En el camino*, ed. Anagrama.
- LLAMAZARES, J., *Luna de lobos*, ed. Seix Barral.
- MENDOZA, E., *El misterio de la cripta embrujada*, ed. Seix Barral.
Una comedia ligera, ed. Seix Barral.
- ORWELL, G., *1984*, ed. Destino.
- POE, E. A., *Cuentos o Narraciones extraordinarias*.

- SALINGER, J. D., *El guardián entre el centeno*, ed. Alianza.
- SEPÚLVEDA, L., *Un viejo que leía novelas de amor*, ed. Tusquets.
- SÜSKIND, P., *El perfume*, ed. Seix Barral.
- TABUCCHI, A., *Sostiene Pereira*, ed. Anagrama.

A profesora Dolores Sans ten un **club de lectura** nun dos grupos de 1º de bacharelato. O alumnado le, de forma voluntaria, un libro ou dous por trimestre sobre o que versa a tertulia que se realiza na aula e que implica a suma dun punto na nota global para aqueles que demostren ter lidos os libros correspondentes e que participen activamente nas tertulias.

Nesta tertulia participan tamén pais e nais destes alumnos.

4.1.2. Departamento de LINGUA E LITERATURA GALEGA

Leranse textos diversos na clase para traballar aspectos do currículo e os temas transversais.

Ademais, os alumnos deberán ler as seguintes obras por cursos:

1º de ESO

1ª Avaliación: LINDO, Elvira: *Coitado Manolito*.

2ª Avaliación: RIVAS, Manuel: *Bala Perdida*.

3ª Avaliación: DAHL, Roald: *Matilda*.

2º de ESO

1ª Avaliación: FDEZ. PAZ, Agustín: *Rapazas*.

2ª Avaliación: SILVESTRE GÓMEZ, Xurxo: *Ith*

3ª Avaliación: COERR, Aenor: **Sadako e as mil grúas de papel**

3º de ESO

1ª Avaliación: SIERRA I FABRA, Jordi: *Durmindo sobre os espellos*

2ª Avaliación: LONDON, Jack: **A chamada da selva.**

3ª Avaliación: Por determinar

4º de ESO

1ª Avaliación: NEIRA VILAS: *Memorias dun neno labrego.*

2ª Avaliación: FERNÁNDEZ PAZ, Agustín: **O centro do labirinto.**

3ª Avaliación: Por determinar

Actividade **Encontro co autor:**

Ademais, no 3º trimestre está prevista unha charla de D. Xosé Neira Vilas encol da súa literatura e a literatura na emigración / exilio. A función da literatura para nenos.

Antes, dúas alumnas de 2º de ESO (Marta Rodríguez Castro e Elena Villar Rebolo), previa lectura dalgunha das súas obras, especialmente das *Memorias dun neno labrego*, elaboraron unha entrevista para, unha vez constestada polo autor, ser inserida na páxina Web do Centro.

4.1.3 Departamento de INGLÉS

Como se ven realizando dende hai anos, e co fin de amplia-lo vocabulario e estimula-lo gusto pola lectura entre os alumnos, establécense uns libros de lectura obrigatoria para cada curso de E.S.O. e Bacharelato.

Os alumnos de 1º e 2º da E.S.O. deberán ler 3 libros de lectura obrigatoria axeitados ao seu nivel. Durante este curso os alumnos de 1º da ESO lerán tres libros de nivel Starter de diversas coleccións. Os alumnos de 2º da ESO lerán tres libros de nivel Beginner (600 palabras) da colección Mcmillan Readers da editorial Mcmillan.

En ámbolos dous niveis traballarase durante o curso dentro da aula para adquirir o hábito de ler libros en inglés. Realizaranse actividades e exercizos de moi distinta índole para facilitar ao alumno a lectura dos textos coa idea de que comprendan o texto na súa globalizade e non traten de traducilo á súa lingua. Á finalización do período de lectura realizarase unha proba para comprobar que a lectura foi realizada e con resultados positivos. Esta cualificación formará parte da cualificación global do alumno.

Os alumnos de 3º e 4º da ESO e 1º de Bacharelato deberán ler 3 libros de lectura, de temas diversos, atendendo aos gustos e intereses dos alumnos e de niveis diferentes, atendendo á diversidade. O nivel recomendado para os alumnos de 3º da ESO e o nivel 2 da colección Oxford Bookworms Readers, da editorial Oxford; para os alumnos de 4º da ESO, o nivel 3 da mesma colección; e para os alumnos de 1º de Bacharelato, o nivel 4 da mesma colección. Os alumnos de 2º Bacharelato deberán ler 2 ou 3 títulos dos niveis 4, 5 e 6 de diversas coleccións, elixidos entre os títulos que se encontran na biblioteca do centro. Tódolos alumnos poderán, voluntariamente, ampliar o número de lecturas.

Os alumnos destes cursos realizarán diversas actividades de predicción e comprensión antes, durante e despois da lectura da obra, así como traballo co vocabulario. Ao rematar a lectura da obra poderase realizar unha proba para comprobar que a lectura foi realizada e con resultados positivos.

Mediante a lectura de pequenas novelas en inglés perséguese:

- Fomentar nos alumnos o gusto pola lectura, poñendo á súa disposición gran

variedade de títulos dun nivel axeitado aos seus coñecementos da lingua inglesa.

- Desenvolve-la súa capacidade de utilizar unha biblioteca de maneira adecuada e ordenada.
- Estimula-la súa capacidade de tomar decisións con respecto á súa aprendizaxe.
- Responsabilizar aos alumnos con respecto ao material de aula e do centro.
- Ofrecer aos alumnos que o desexen ampliar as súas posibilidades de lectura.

Exemplo de actividade:

***Anna and the Fighter* – Elizabeth Laird**

Before reading activities

Activity 1

Find information about the author on the internet. Here are some useful links:

www.elizabethlaird.co.uk

www.contemporarywriters.com

www.jubileebooks.co.uk

Then write a short biography about the authoress. Use L1.

Activity 2

Look at the pictures taken from the book. Read the extract at the back cover. Can you guess the

story? What do you think will happen?



While reading activities

Read to the end of page 6

Activity 1

Draw your own picture of Sam. Use all the information you get about him:

Name:

Appearance

Job:

Activity 2

Fill in the following chart with all the information you get about the main characters in the book.

Name	Appearance	Personality	Job	Relationship with Anna/Sam	Your opinion about him/her

Read to the end of page 16

Activity 1

Add the new characters to the chart above.

Activity 2

Choose the correct answer:

Why does Anna pass Naira?

She wants to go to Polona

She is asleep

She is frightened

Who pays for Anna's ticket to Polona ?

Sam

Anna

Anna's father

How do Sam and Anna get to the hotel?

On foot

By bus

By taxi

What are Sam's friends doing?

They are drinking and playing cards

They are eating and drinking

They are playing chess and eating

Why doesn't Anna want to eat or drink anything?

She thinks the men will give her a drug

She is not hungry

She has fallen asleep

Why does Sam lock Anna's door?

He wants to keep her safe.

He doesn't want Anna to go out

He doesn't want Buds and Tino to see her

What is the waiter doing when Anna wakes up next morning?

He is looking up and smiling at Anna

He is clearing the tables

He is smoking a cigarette and reading a newspaper

Activity 3

Write a short description of Polona.

Read to the end of page 27

Activity 1

Are these sentences TRUE or FALSE? Correct the false ones.

The waiter and a policeman unlock Anna's door.

Anna has a big breakfast.

Sam takes Anna to a big building. There is a boxing ring there.

Bubs tells Anna a story about Sam

The other boxer's name's Danny.

Danny wins the fight.

Anna is very happy and excited.

Activity 2

Imagine you are a reporter for television or radio. You are going to tell people about the fight

between Danny and Sam. Write a report about the fight. (pages 24-26 will help you)

Read to the end of page 30

Activity 1

Answer the following questions.

Who takes Anna to Naira?

What time do they get to Naira?

What is Anna's aunt doing?

Why is Anna's aunt worried at first?

Why is Anna's aunt happy later?

Why is Anna happy at the end of the story?

After reading activities

Activity 1

Put these sentences in the correct order

Read to the end of page 30

Activity 1

Answer the following questions.

Who takes Anna to Naira?

What time do they get to Naira?

What is Anna's aunt doing?

Why is Anna's aunt worried at first?

Why is Anna's aunt happy later?

Why is Anna happy at the end of the story?

After reading activities

Activity 1

	Sam and Anna go to the Boxer Hotel
	Sam and Anna go to the boxing hall.
1	Anna takes a train to visit her aunt in Naira
	Anna falls asleep and passes Naira
	Tino tells Anna a story about Sam
	Anna and Sam arrive at Polona
	Anna's aunt, Anna and Sam have tea and talk
	Sam and Danny fight.
	Sam and Anna feel happy.
	Sam pays for Anna's ticket

Activity 2

Look at these illustrations from the book. Number them in the correct order


☐

☐

☐

☐

☐

☐

Activity 3

Who said what? When?

	Who?	When?
"Don't talk to any strangers"	Anna's father	When she is going to visit her aunt
"But we passed Naira two hours ago! You were asleep!"		
"Bring some dinner. Bring some good hot food"		
"I have an important job to do"		
"Sam's the best fighter in the country"		
"I know a story about Sam"		
"Sam! Sam! We want Sam!"		
"One... Two... Three... Four... Five... Six... Seven... Eight... Nine... Ten!"		
"I was wrong. I'm not frightened now"		
"Are you Sam the boxer?"		
"Can I come and see you again?"		

Activity 4

Anna goes back home. What does she tell her father about the trip?. Write a short paragraph.

Include the following information:

What happened?

How did she feel?

A short description of Sam and his friends

Activity 5

Write a new end for the story. What happens to Anna and Sam?

Activity 6

On page 7 there is a newspaper with a story about Sam. You know a lot about Sam now.

Write the

newspaper article.

Activity 7

Write your opinion about the book.

Did you like the book? Why/why not?

Who's your favourite character? Why?

What's your favourite episode? Why?

What part of the story would you change? Why?

Would you recommend the book? Why/why not?

4.1.4 Departamento de FRANCÉS

OBXECTIVOS

Os obxectivos fundamentais do plan lector do Departamento de Francés son tres:

1º Familiarización do alumno coa lectura nunha lingua estranxeira, neste caso o francés.

2º Adquisición, a través desa lectura, de vocabulario, estruturas, cultura e civilización dos países francófonos sobre todo, pero tamén do resto do mundo.

3º Disfrute das lecturas para que sexa el o que as demande sen necesidade de impoñelas.

MÉTODOS

Diferenciamos as lecturas de aula e as lecturas fóra de aula.

- ♦ Dentro da aula, en cada clase de francés, farase lectura en voz alta de todos os textos que aparecen en cada tema coa fin de que os alumnos empreguen a entoación correcta, así como a pronunciación adecuada para que o texto teña un sentido. Cando se trate de fragmentos de teatro ou diálogos, estes serán representados polos alumnos.
- ♦ Fóra da aula, os alumnos deberán ler os libros de lectura graduadas (indicados máis abaixo) e distribuídos por trimestres segundo os niveis e os cursos.

Todos estes libros teñen unhas fichas de traballo que os alumnos deberán ir completando a medida que lean o libro, para facilitar a comprensión. Ademais, o alumno deberá facer un resumo do libro e unha lista do vocabulario que aprendeu.

Moitos dos libros teñen un CD que o alumno deberá escoitar na súa casa coa fin de mellorar a comprensión.

Alguns capítulos destes libros escoitaranse na clase e outros leranse, para facilitar estes dous procesos.

AVALIACIÓN

A lectura e escoita que se faga na clase, terase en conta ao mesmo tempo que o resto do tema que se estea traballando.

As lecturas que se fagan fóra da aula, terán unha consideración diferente. O alumno terá que entregar as fichas, o resumo e o vocabulario do libro. Este traballo será puntuado cunha nota (de 0 a 10) e, xunto coas notas do resto dos libros que correspondan a esa avaliación, constituirán unha nota que fará media co resto dos exames ou traballos da avaliación.

Estas lecturas serán empregadas tamén para que os alumnos as expoñan oralmente ao resto da clase. Cada alumno falará sobre o libro que leu: resumo, ideas xerais, personaxes, cultura, etc. Todo servirá para que poña en práctica tanto as ideas coma o vocabulario e expresións aprendidas.

Obras de lectura por cursos:

1º ESO

1º trimestre. ***Un voyage de rêve en France.*** Ed. Oxford. Col. Lectures fáciles.

2º trimestre. ***Un quartier très spatial.*** Ed. Oxford. Col. Lectures faciles.

3º trimestre. ***Mystère dans le métro.*** Ed. Oxford. Col. Lectures faciles.

2º ESO

1º trimestre. ***Le cadeau-surprise.*** Ed. Oxford. Col. Lectures fáciles.

2º trimestre. ***Le vide-grenier.*** Ed. Oxford. Col. Lectures fáciles.

3^o trimestre. **La tour Eiffel.** Ed. Pearson Longman. Col. Lire et découvrir.

3^o ESO

1^o trimestre. **Le fantôme de Vercigétorix.** Ed. Oxford. Col. Lectures faciles.

Une chasse au trésor. Ed. Oxford. Col. Lectures faciles.

2^o trimestre. **Vacances en Ardèche.** Ed. Pearson Longman. Col. Lire et découvrir.

Le village englouti. Ed. Pearson Longman. Col. Lire et découvrir.

3^o trimestre. **Natacha et ses deux maisons.** Ed. Pearson Longman. Col. Lire et découv.

Le journal de Caroline. Ed. Pearson Longman. Col. Lire et découvrir.

4^o ESO

1^o trimestre. **Le mystère du supermannequin.** Ed. Pearson Longman. Col. Lire et dé.

La guitar de Katie. Ed. Pearson Longman. Col. Lire et découvrir.

Les Baby-sitters. Ed. Pearson Longman. Col. Lire et découvrir.

Charlotte. Ed. Oxford. Col. Lectures faciles.

La pièce. Ed. Oxford. Col. Lectures faciles.

2^o trimestre. **Un billet pour le commissaire.** Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

Du lait au fiel. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

Une étrange disparition. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

Le fantôme de L'Opéra. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

Le Grand Meaulnes. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

3^o trimestre. **La Griffes.** Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

Michel et L'Autre. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

Mystère dans le Showiz. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

La Provence. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

L'Alsace. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

1^oBACH. L1

1^o trimestre. **Un billet pour le commissaire.** Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

Du lait au fiel. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

2^o trimestre. **Une étrange disparition.** Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

Le fantôme de l'Opéra. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

3^o trimestre. **Le Grand Meaulnes.** Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

La Griffes. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

2^o BACH. L1

1^o trimestre. **Les Misérables.** Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

Notre-Dame de Paris. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

2^o trimestre. **Carmen.** Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

Les Trois Mousquetaires. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

3^o trimestre. **Le malade imaginaire.** Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

L'Avare. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

1^o BACH. L2

1^o trimestre. **Qui file Cécile.** Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

Le Mouron Rouge. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

Double assassinat dans la Rue Morgue. Col. Chat. Noir.

La Fugue de Bach. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.

Les Misérables. Ed. Vicens Vives. Coll. Chat Noir.

- 2º trimestre. ***Notre-Dame de Paris***. E. Vicens Vives. Col. Chat Noir.
Carmen. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.
Les Trois Mousquetaires. Col. Chat Noir.
La Valse des tarots. Col. Chat Noir.
Le Tour du monde en 80 jours. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.
- 3º trimestre. ***Le Mystère de la chambre jaune***. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.
L'Os mystérieux. Ed. Vicens Vives. Col. Chat Noir.
Arsène Lupin. Ed. Oxford. Col. Mise en scène.
L'auvergne. Ed. Oxford. Col. Mise en scène.
L'Affaire du collier. Col. Mc Graw Hill.
- 2º BACH.**
- 1º trimestre. ***Hugo et les cartes magiques***. Ed. Oxford. Col. Mise en scène.
Le malade imaginaire. Ed. Oxford. Col. Mise en scène.
Cyrano de Bergerac. Ed. Oxford. Col. Mise en scène.
Le Vicomte de Bragelonne. Ed. Oxford. Col. Mise en scène.
La révolte des ordinateurs. Ed. Oxford. Col. Mise en scène.
- 2º trimestre. ***Opération calamar géant***. Ed. Oxford. Col. Mise en scène.
L'Avare. Ed. Oxford. Col. Mise en scène.
Carmen (Mérimé). Hachette. Col. Lire en français facile.
Contes (Perrot). Hachette. Col. Lire en français facile.
Les Misérables (Hugo), t. 1. Hachette. Col. Lire en français facile.
- 3º trimestre. ***Les Misérables (Hugo), t. 2***. Hachette. Col. Lire en français facile.
La Grande Histoire de la petite 2CV. Hachette. Col. Lire en français facile.

4.1.5 Departamento de CIENCIAS NATURAIS

Para facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei Orgánica de Educación e da Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, elabóranse e inclúense proxectos lectores que inclúen todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e escritura e á adquisición das competencias básicas. Con esta finalidade o departamento de Ciencias da natureza dedicará para a consecución destes obxectivos un tempo mínimo diario que dependerá do nivel educativo e do nº de horas semanais dese nivel educativo. Traballarase con textos relacionados coa área: científicos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.

4.1.6 Departamento de CC.SS.

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º Bac. D

1ª Avaliación

Conan Doyle, Arthur (2003): ***Estudio en escarlata***. Colección Sherlock Holme. Rquer Editorial: Barcelona (edición orixinal de 1887).

Dickens, Charles (2006): ***Oliver Twist***. Editorial Vicens-Vives: Madrid (edición orixinal de 1838).

Fernández, M. A. (xxx): ***O sangue das cortiñas***. Edicións A Nosa Terra (ISBN 84-96203-72-7). Invasión napoleónica en Galicia. Recomendado para segundo ciclo da ESO.

Pardo Bazán, Emilia (2007): ***Los Pazos de Ulloa***. Colección Austral (Nueva). Espasa Calpe: Madrid (edición orixinal de 1886).

Pérez Reverte, J. (2004): ***Cabo Trafalgar***. Editorial Alfaguara: Madrid. 272 páginas. ISBN 8420467170

Pérez Reverte, J. (2007): ***Un día de cólera***. Editorial Alfaguara. Madrid. 402 páginas. ISBN 9788420472805

Queizán, Mª Xosé (1992): ***Amor de Tango***. Edicións Xerais: Vigo.

Swift, Jonathan (2003): ***As viaxes de Gulliver***. Ediciones Valdemar: Madrid (edición orixinal de 1735).

Verne, Xulio (2006): ***A volta ao mundo en 80 días***. Serie Clásicos de la Literatura. Editorial Narrativa (edición orixinal de 1873).

2ª Avaliación

Asensi, M. (1999): ***El salón de ámbar***. Editorial Planeta: Barcelona.

Boyne, J. (2007): ***El niño con el pijama de rayas***. Publicaciones y ediciones Salamandra: Barcelona.

Fernández Paz, A. (2002): ***Noites de voraces sombras***. Colección Fóra de Xogo. Edicións Xerais de Galicia: Vigo.

Freire, E. (2007): ***Soria Moria***. Editorial Algaida: Madrid.

Hergé (1993): ***Tintín en el Congo***. Editorial Juventud: Barcelona (edición orixinal de 1931)

Mayoral, M. (2005): ***Tristes armas***. Colección Fóra de Xogo. Edicións Xerais de Galicia:

Vigo.

Sansom, C. J. (2007): **Invierno en Madrid**. Ediciones B: Barcelona.

Scott Fitzgerald, F. (1990): **El Gran Gatsby**. Alfaguara: Madrid (edición orixinal de 1925).

Spiegelman, A. (2007): **Maus. Relato de un superviviente**. Reservoir Books: Barcelona.

3ª Avaliación

Alonso, F. (2006): **Cartas de amor**. Colección Fóra de Xogo. Edicións Xerais de Galicia: Vigo.

Álvarez, F. (xx): **Ratas en Manhattan**. Edicións Sotelo Blanco. ISBN 978-84-7824-510-9. Sobre emigrantes en EEUU e o soño americano. Recomendado para segundo ciclo da ESO.

Aneiros, R. (xxx): **Eu de maior quero ser**. Edicións Sotelo Blanco. ISBN: 84-7824-347-X. Sobre estudantes en Santiago e como se enfrontan ao futuro incerto. Recomendado para segundo ciclo da ESO.

Pérez Rei, M. (xx): **Canícula**. Edicións Sotelo Blanco. ISBN: 978-84-7824-508-6. A Galicia do futuro condicionada polo cambio climático, tipo sociedade orwelliana. Recomendada para bacharelato.

Pérez Reverte, A. (1997): **Territorio comanche**. Ollero & Ramos Editores: Madrid.

Mendoza, Eduardo: **Sin noticias de Gurb**. Editorial: Seix Barral199., Colección: Biblioteca Breve

Boyne, John: **El niño con el pijama de rayas** Ed. Salamandra

Moore, M.: **Estúpidos homes brancos**. Ed. Círculo New

CC.SS. 1º ESO

Castro de Baroña e Ásterix

Barreiro Liz, X. A. (xxx): **A cova dos mouros**. Baía Edicións. 156 páxinas.

Carreiro, P. (2003) **Os Barbanzóns: Baroña ou morte**. Editorial Toxosoutos: Noia.

Carreiro, P. (2004) **Os Barbanzóns: No solpor da prehistoria**. Editorial Toxosoutos: Noia.

Lourenzo, X. (xx): **O Tardo**. (ISBN: 84-96203-64-6)

Regueiro, C. **O tesouro das ánimas**. Baía Edicións. A partir de 12 anos. 247 páxinas.

Vega Cerqueiro, M. (xxx): **O camiño a Tibiáns**. Edicións Sotelo Blanco.

Os prehistóricos. Edicións A Nosa Terra.

Os habitantes dos castros. Edicións A Nosa Terra.

Os galegos romanos. Edicións A Nosa Terra.

Os viquingos en Galicia. Edicións A Nosa Terra.

CC.SS. 2º ESO

Duby, Georges: **El siglo de los caballeros.** Ed. Alianza Editoria, 1995l

CC.SS. 4º ESO

Alí, Tarik: **A la sombra del granado.** Alianza Editorial, 2003

Bernardez, Xoan: **Un home de Vilameán.** Edicións Xerais de Galicia 1990

Irisarri, Angeles; Lasala, Magdalena. **Moros y cristianos.** Ed. Salamandra

2º DE BACHARELATO

Falcones, Ildefonso: **La catedral del Mar**

Baroja, Pío: **La aurora roja.** Editor. Madrid: Caro Raggio, D.L. 1994.

Torrente Ballesteros, G: **Los gozos y las sombras.**

4.1.7 Departamento de CULTURA CLÁSICA

Actividades previstas no plan lector de Cultura Clásica 3º ESO

A formación da lectura comprensiva esixe, á súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

O tempo de dedicación á lectura, prácticas de comprensión e escritura será dunha hora

semanal. As obras que utilizaremos para tal fin son:

- ***Alejandro Magno, hijo de los dioses***. Alan Fildes y Joann Fletcher.
- ***Eros y Psique***. Apuleyo.
- ***Héroes de Grecia en la Antigüedad***. Christian Grenier.
- ***Los dioses no eran tan divinos***. Javier Gómez Molero.

De xeito adicional, dedicaremos tres sesións á lectura colectiva en voz alta da traxedia grega ***Ifixenia en Áulide*** como acción introductoria á asistencia á representación desta obra dentro do Festival de Teatro Grecolatino de Lugo e que se completará coa resolución na aula dunha guía didáctica que pretende profundizar en aspectos contextuais, temáticos e estruturais da obra.

Actividades previstas no plan lector de Cultura Clásica 4º ESO

A formación da lectura comprensiva esixe, á súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

O tempo de dedicación á lectura, prácticas de comprensión e escritura será dunha hora semanal. As obras que utilizaremos para tal fin son:

- ***Héroes de Roma en la Antigüedad***. Jean-Pierre Andrevon.
- ***Grandes biografías***: Julio César. Francisco Luís Cardona Castro.
- ***Fragments de El ejército romano***. Adrian Goldsworthy.
- ***Las aventuras de Ulises***. La historia de la Odisea. Rosemary Sutcliff.

De xeito adicional, dedicaremos tres sesións á lectura colectiva en voz alta da traxedia grega ***Ifixenia en Áulide*** como acción introductoria á asistencia á representación desta obra dentro do Festival de Teatro Grecolatino de Lugo e que se completará coa resolución

na aula dunha guía didáctica que pretende profundizar en aspectos contextuais, temáticos e estruturais da obra.

Material didáctico

- Textos en soporte impreso ou electrónico, actividades complementarias elaboradas polo departamento, esquemas e ilustracións que permitan ter unha visión máis profunda de cada contido.
- Usaremos como material complementario:
 - A. As películas *Gladiator*.
 - B. Os documentais de canal historia *Cartago: a construción dun Imperio* e *Roma: a construción dun Imperio*.
 - C. O documental *Pompeia*.

4.2. CLUB DE LECTURA “NA Estrada-525”

O club de lectores **NA Estrada-525** nace en outubro de 2007 coa vontade de compartir experiencias lectoras entre alumnos, profesores, pais e nais e persoal non docente. Na actualidade participan no club de lectores 19 membros: catro profesoras do centro e quince alumnos dende 3º da ESO ate 2º de Bacharelato.

Tras a publicación pola Consellería de Educación e Ordenación Educativa de axudas para a posta en marcha de clubs de lectores, presentamos a nosa proposta que recibiu unha cuantiosa axuda económica para a adquisición de materiais.

1. O punto de partida.

A práctica do fomento da lectura dende a aula ou dende a Biblioteca Escolar, móstranos que sempre hai un grupo de alumnos dispostos a afondar en propostas lectoras máis amplas e variadas do habitual. Pero non sempre se pode atender esa diversidade de niveis lectores neses lugares e no tempo dispoñible: as présas, o seguimento dos

programas das materias ou a dinámica do grupo son algunhas das dificultades que adoitan dificultalo.

Hai outro elemento que nos levou a deseñar este proxecto, recorrente nestes anos de experiencia no fomento da lectura e do hábito lector. Durante un curso escolar establecemos unhas relacións profesionais e afectivas cun grupo de alumnos, nas que as lecturas son un eixo conductor das conversas, e a través desas lecturas coñecemos as inquietudes e o proceso de madurez dos rapaces. Pero este vencello tecido durante meses —e moi rendible para a mellor formación dos mozos e mozas— rómpese no curso seguinte, cando perdemos o contacto diario da aula.

Tamén tivemos en conta que os rapaces lectores non sempre dispoñen de persoas coas que compartir as súas vivencias e reflexións ao redor do libro, cando este é un aspecto fundamental da lectura: todos adoitamos chegar aos libros pola recomendación dun amigo, dun libreiro, dun bibliotecario ou unha recensión eloxiosa... O recoñecemento e contacto dos outros lectores lévanos a disfrutar máis das obras, porque podemos entón compartir descubertas, matices, interpretacións...

Baseándonos no antedito (entre outras moitas razóns), e como ben se recolle na convocatoria de clubs de lectura da Xunta de Galicia, “unha das fórmulas de maior interese para o fomento do hábito lector entre os adolescentes é o club de lectura, porque inclúe varias das condicións das que se falaron antes como necesarias para motivar aos lectores e lectoras destas idades: a posibilidade de comunicación cos seus iguais e a oportunidade de compartir gustos, inquiredanzas, significados, opinións, emocións e descubrimentos sobre as súas lecturas.”

Neste club de lectura, fundado co nome **NA Estrada-525**, queremos seguir varias pseudo-normas organizativas que nas nosas experiencias anteriores teñen sido de gran utilidade:

- Os participantes non teñen por que ler todos unha mesma obra: proporase mensualmente un tema e cada lector escollerá aquela ou aquelas propostas que lle resulten máis atractivas.
- A lectura non se circunscribe a títulos consagrados nos cánones literarios, senón que se lle dará cabida tamén ao cómic, ao texto en soporte electrónico, ás cancións ou películas cando garden relación co tema proposto.
- Tentarase que os participantes propoñan sempre dous documentos para comentar e que, a ser posible, sexan dous tipos ou formatos diferenciados: por exemplo, unha novela sobre a guerra civil e un libro de anécdotas sobre este período ou unha película.

O club debe estar aberto aos cambios e replantexamentos que a dinámica do grupo esixan, e que deberemos adoptar sempre coa mira nos obxectivos perseguidos.

2. Obxectivos do club de lectura.

- Observar un mesmo feito, período histórico ou tema dende diferentes propostas lectoras, e analizar as similitudes e diferencias.
- Disfrutar (e aprender) de charlas informais sobre textos literarios e das relacións establecidas con outros lectores.
- Manter o contacto semanal entre lectores dispostos a colaborar cunha visión crítica das obras.
- Afondar en novas lecturas compartindo opinións.
- Desenvolver a capacidade crítica dos participantes.
- Valorar a corrección na escrita dos propios textos, para mellorar a comunicación cos nosos posibles lectores.
- Utilizar diferentes medios (escritos, informáticos, audiovisuais...) para transmitir e recabar información doutros, as súas opinións, establecer relacións entre lectores.

Neste sentido, desenvolverase un *blogue* no que colaborarán todos os alumnos e lectores que o desexen.

- Elaborar recensións sobre as obras que proporcionen opinións argumentadas e sexan correctas na súa expresión.
- Ampliar a capacidade de comparar diferentes visións sobre un mesmo tema, mesmo opinións encontradas.
- Desenvolver a tolerancia cara a opinións diferentes da propia. Valorar as opinións alleas respectando as súas intervencións.
- Aprender a buscar e consultar medios de información (escritos, audiovisuais, informáticos...: prensa, TV, *blogs*...) relacionados coa lectura ou coas bibliotecas.
- Crear vínculos afectivos ao redor das lecturas entre os participantes.
- Despertar o interese por ampliar os coñecementos de partida —previos á lectura— do lector.
- Valorar a intertextualidade nas obras, froito dun acervo cultural común.
- Promover actividades lúdicas de expresión escrita sobre os textos analizados.

3. Actividades previstas.

Este club de lectura foi presentado á comunidade escolar con carteis que se espuxeron no centro educativo e a través da páxina web do IES Manuel García Barros.

Os participantes reuniranse quincenalmente para comentar as súas lecturas e afondar nas temáticas suxeridas. Para que o resto da comunidade escolar participe do traballo que se desenvolva no grupo, creárase un *blogue* (<http://naestrada525.blogspot.com>) no que as opinións, suxestións, comentarios e descubertas fiquen o alcance de todos. É fundamental que un grupo tan reducido teña voz dentro e fóra do seu ámbito diario para estender as redes sociais, e eles sintan como a lectura lles pode servir para facerse ver na sociedade na que viven. É frecuente que, relacionadas coa temática desenvolvida ese

mes, aparezan nos diversos espazos comúns textos (literarios ou non), propostas de xogos...

4. Composición e número de participantes aproximado.

Este club de lectores propúxoselles aos alumnos e alumnas que cursan 4º de ESO, e 1º e 2º cursos de Bacharelato no IES Manuel García Barros (A Estrada). Estará coordinado por Mª Teresa Leis Rey, profesora con destino definitivo no centro.

5. Forma de organización e funcionamento previstos.

Na primeira sesión os membros do grupo presentarémonos como lectores, incidindo nos nosos gustos e teimas lectoras, as expectativas de cada un neste proxecto... Logo explicaremos pormenorizadamente a nosa proposta e daremos copia da relación de títulos para a seguinte sesión.

Os temas que traballaremos ao longo do curso serán:

1. “A Guerra Civil española: a ti, como cho contaron?”: decembro 2007.
2. “Viaxa... en avión, barco ou libro”: xaneiro 2008.
3. “Estala 1945... e as súas consecuencias”: febreiro 2008.
4. “*Escríume aviat...* Escríbeme” (a novela epistolar): marzo 2008.
5. “Libros² (Libros ao cadrado ou libros que falan de libros)”: abril 2008.
6. “Amore, amore...”: maio 2008.
7. “América, América... máis ao Sur”: xuño 2008.

Os participantes no club de lectores escollerán un mínimo de dúas lecturas ao mes sobre a temática prevista. As reunións presenciais servirán para compartir esas lecturas, informarnos sobre os diferentes aspectos da obra (modalización narrativa, temporalización, espacialización...), establecer relacións entre as obras, comparar similitudes e diferencias no tratamento dos temas, investigar sobre aspectos determinados (feitos históricos, referencias xeográficas, intertextualidade, tópicos...)

Falaremos sobre as aportacións incorporadas ao *blogue* por cada un dos lectores: a súa repercusión segundo o número de comentarios recibidos, a súa lexibilidade e a oportunidade das críticas, a capacidade de transmitir interese e/ou despertar paixóns pola obra...

A coordinadora do club incidirá nos aspectos de literatura comparada (tendo en conta tamén o cine, a música), na expresión das vivencias relacionadas coas súas lecturas, na capacidade de síntese na transmisión oral e escrita, no desenvolvemento da crítica, na creatividade a partir das súas lecturas...

6. Horario e calendario previsto para as reunións de carácter presencial.

Este club de lectores reunirase quincenalmente os mércores pola tarde na biblioteca do centro, dende o mes de novembro de 2007 ate maio-xuño de 2008. Ao non dispor de transporte escolar as tardes dos mércores, algúns alumnos terán dificultades para seguir as actividades. Por iso, e en paralelo á actividade presencial, haberá unha actividade ou encontro virtual no marco do *blog* específico creado a tal fin (<http://naestrada525.blogspot.com> e o blogue vinculado a el: <http://letrasfrescas.blogspot.com>): alí poderán ofrecer as súas recensións, aportar os “post” sobre a obra/s lida/s, o ritmo de lectura, as súas vivencias. Comprometeranse a entrar semanalmente, ben para incorporar as súas lecturas, ben para comentar o ofrecido polos compañeiros.

As reunións presenciais celebraránse os seguintes días: 28 de novembro, 5 e 19 de decembro de 2007; 9 e 23 de xaneiro, 6 e 20 de febreiro, 26 de marzo, 2, 16 e 30 de abril, 7 e 21 de maio, e 4 e 18 de xuño de 2008.

7. Medios previstos para a súa difusión entre a comunidade escolar.

Esta actividade será dada a coñecer na páxina web do centro, na cartalaría preparada para tal fin, de viva voz nas aulas e mediante o boca a boca.

Xuntamos con este documento as copias dos textos recollidos na cartellaría, que xa foi distribuída polo centro [vid. anexo 3: Cartellaría publicitaria do club de lectura.]

Ao longo do curso manteremos o *blogue* actualizado para dar conta das temáticas a abordar e dos comentarios recollidos, informar das datas de reunión, fomentar a incorporación de novos membros (se non exceden os vinte previstos).

8. Certificacións de presentación ao Claustro e aprobación do Consello escolar.

O calendario de reunións do Consello Escolar, que prevé unha reunión mensual e sempre en martes, impediu presentar nel este proxecto antes do 20 de novembro. A persoa solicitante do club de lectura **NA Estrada-525**, M^a Teresa Leis, informará ao Consello Escolar tal día, así como ao Claustro de profesores, que ten reunión extraordinaria na mesma data. De aprobar ambos órganos este proxecto, entregárase o documento pertinente no rexistro da Consellaría de Educación e Ordenación Educativa á maior brevidade posible, e sempre antes do 27 de novembro.

4.3. PLAN DE LECTURA promovido pola BIBLIOTECA e o Departamento de Normalización Lingüística:

“TEMPO DE L E c e R”

Lectura, ledicia, liberación, lección...

Entretemento, emoción, ensoñación, esperanza, engaiolamento...

Coñecemento, cultura, curiosidade, criterio, civilización, conforto, consulta...

entendemento, encontro, empatía, enganche, enlace, entrega, estudo...

Reflexión, recreo, refuxio, recollemento, rescate...

O plan de lectura “**Tempo de LEceR**”, con aplicación este curso 2007-2008 en primeiro e segundo curso de ESO, e en colaboración con gran parte do profesorado e titores, foi ideado co obxectivo de animar á lectura e á escritura recreativa e contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas contempladas na LOE.

Este plan é un primeiro paso para propiciar a adquisición da competencia lingüística que redunde en beneficio de todas as materias do currículo, posto que un lector que comprende o que le, apréciao; e se o aprecia, asimíla. Parte da base de que para formar lectores competentes é necesaria unha educación continua e progresiva que produza efectos máis benéficos ao estar asociada a unha actividade lúdica, recreativa e compartida.

É por isto que se fai a proposta de **dúas horas semanais de lectura** na aula coas que se tratará de fomentar actitudes favorables hacia a lectura como fonte de pracer alternativa á utilización exclusiva das novas tecnoloxías, ao mesmo tempo que se favorece a adquisición de destrezas, competencias e valores que contribúan a mellorar os resultados académicos así como o desenvolvemento persoal do alumnado:

- Unha **hora de lectura semanal na aula**, en voz alta, compartida e coa participación de profesorado de distintas materias, cun calendario de intervención debidamente regulado.
- Unha **hora de lectura semanal na titoría** con atención ao tratamento dos temas transversais.

O papel da biblioteca para o desenvolvemento deste plan é dobre: centro de recursos materiais e humanos e promotora de actividades que fomenten a escritura como complemento da lectura na aula (elaboración de antoloxías de textos, poemas, citas, etc. extraídas das obras lidas na aula, concursos literarios de narrativa -textos curtos, relatos, microrrelatos- teatro e poesía).

■ OBXECTIVOS DE “Tempo de LEceR”:

- ◆ Desenvolver o hábito lector.
- ◆ Fomentar o gusto pola lectura como actividade de lecer.
- ◆ Subsana as carencias que o noso alumnado amosa con respecto á competencia lectora e á expresión oral e escrita.
- ◆ Desenvolver a competencia cultural e artística.
- ◆ Abrir vías de coñecemento nas distintas materias.
- ◆ Despertar actitudes críticas e reflexivas que axuden a desenvolverse non só no ámbito académico, senón tamén no ámbito persoal e social.
- ◆ Implicar a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, biblioteca municipal e bibliotecas escolares da zona, editoriais...).

■ FASES DE IMPLANTACIÓN DO PLAN LECTOR

1ª fase: Consenso co profesorado das distintas materias integrados neste proxecto, os representantes do Equipo Directivo, do Departamento de Orientación, de Normalización Lingüística e da Biblioteca do centro.

2ª fase: Consenso co profesorado de 6º curso de Primaria do CEIP “Pérez Viondi” (adscrito ao IES “M. García Barros”) para dar continuidade aos seus plans de lectura na aula.

3ª fase: Proposta de lecturas e consenso para a selección dos libros e textos de lectura.

4ª fase: Preparación, con antelación suficiente (por parte do profesorado correspondente, representante da biblioteca e dos Departamentos de Orientación e Normalización Lingüística) de distintas actividades sobre os libros seleccionados, sobre todo para a hora de lectura na titoría.

5ª fase: Creación de bibliotecas de aula con materiais das distintas áreas e obras de consulta seleccionados co asesoramento do profesorado de cada disciplina. Será necesario, ademais, que haxa un exemplar para cada dous alumnos dos libros que se vaian ler na aula na hora semanal de lectura e na hora de titoría (estes libros irán rotando polas bibliotecas das aulas), varios exemplares de dicionarios de lingua castelá, galega, inglesa e francesa, dicionarios de mitoloxía, atlas, textos da Constitución Española, da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, do Neno e dos Animais, Estatutos Europeos para os Centros Educativos Democráticos sen Violencia e outros materiais de interese para traballar temas transversais, versións fílmicas dalgunhas obras de lectura, etc.

Estas bibliotecas de aula funcionarán como unha prolongación da biblioteca do centro e a profesora responsable desta será a encargada de xestionalas.

6ª fase: Posta en marcha dos mecanismos para a circulación e difusión das accións do Plan lector na nosa comunidade educativa:

- Difusión do Plan lector a toda a comunidade escolar por esta orde: profesorado, alumnado e familias a través das correspondentes titorías, da páxina web do centro, o blog e os boletíns da biblioteca.
- Colaboración coa biblioteca do concello da Estrada (envío de listados das lecturas) e coas editoriais (solicitude de guías de lectura e outros materiais).

DESCRIPCIÓN DAS PROPOSTAS DO PLAN “TEMPO DE LEceR”

Proposta 1: Hora semanal de lectura (de lecer).

Materiais:

Para levar a cabo esta actividade é necesaria a creación da biblioteca de aula cos

seguintes materiais:

- Dicionarios en todas as linguas que se estudan no centro (castelán, galego, francés, inglés, latín e grego).
- Dicionarios de mitoloxía.
- Atlas.
- Textos seleccionados para a súa lectura na aula: dous exemplares por cada dous alumnos. Serán textos curtos, de fácil lectura, con diferentes finalidades e contidos temáticos que permitan traballar todos os procesos implicados na comprensión lectora. Alternaranse os tres xéneros literarios: narrativa, lírica e teatro, en lingua galega e castelá:

Libros de lectura para 1º e 2º de ESO:

NARRATIVA:

Historias para ler e mirar (catro relatos de Breogán Riveiro, Fran Alonso, Elvira Pérez e Carlos Mosteiro).

Un saquiño de contos (catro contos de Xoán Babarro González, Fina Casalderrey, Antonio García Teijeiro e Gloria Sánchez)

Cando petan á porta pola noite (catro relatos de Xabier Docampo).

Cuentos escritos a máquina / Cuentos para jugar de Gianni Rodari.

El pequeño Nicolás de René Goscinny .

El fantasma de Canterville de Oscar Wilde.

TEATRO:

A Raíña Berenguela de X. A. Neira Cruz./

O achado do castro de Manuel NÚÑEZ SINGALA.

Esto es Troya de Francisco López Salamanca.

LÍRICA:

Poesía para jóvenes (selección e prólogo de Ana Pelegrín).

Contos e poemas para un mes calquera de Jordi Sierra i Fabra.

Roseira do teu mencer de Xosé María Álvarez Blázquez.

Poetízate de Fran Alonso.

Actividades:

- Traballaranse dous dos pilares fundamentais para a competencia lectora: lectura en voz alta, correcta (expresividade, entonación, articulación, dición, pausas, velocidade, ritmo....) e comprensión dos textos desde o vocabulario ata o nivel estrutural.
- Terase presente a idea de que é unha actividade lúdica, polo que non se realizarán tarefas en torno á lectura de corte moi curricular; pero, cando sexa posible ou aconsellable, poderase facer unha reflexión ou valoración crítica do texto.
- Animación á lectura individual e en familia como prolongación desta hora de lectura-lecer. (As orientacións sobre as lecturas de lecer chegarán ás familias a través dos boletíns informativos da biblioteca).

Temporalización:

É queixa xeneralizada entre o profesorado a escasez de tempo para desenvolver axeitada e integramente os currículos, polo que é aconsellable a participación do maior número posible de profesores para levar a cabo esta actividade sen que interfira demasiado no avance das ensinanzas específicas de cada materia.

Esta hora de lectura haberá de respectarse segundo o horario establecido e, en caso de ausencia do profesor ou profesora a quen lle corresponda guiar a lectura, o profesorado de garda asumirá esa función. Tamén se poderá continuar a lectura en calquera hora de garda.

Este curso aplicarase no terceiro trimestre, nos grupos de 1º e 2º de ESO.

O calendario de aplicación terá a seguinte distribución horaria cada mes:

1º ESO A

MARZO					MAIO				
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
3	4	5	6	7				1	2
10	11	12	13	14	5	6	7	8	9
17	18	19	20	21	12	13	5ª hora MANUEL	14	15
								5ª hora MIGUEL GIL	16
24	25	26	27	28	19	20	21	22	23
	5ª hora PATRICIA/ Mª JOSÉ P./ ESTHER B								6ª hora ISABEL C.
31					26	27	28	29	30
					3ª hora CARLOS V/ DOLORES SANS				
ABRIL					XUNO				
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
	1	2	3	4	2	3	4	5	6
		5ª hora MANUEL				5ª hora PATRICIA/ Mª JOSÉ P./ ESTHER B			
7	8	9	10	11	9	10	11	12	13
			5ª hora MIGUEL GIL				5ª hora MANUEL		
14	15	16	17	18	16	17	18	19	20
				6ª hora ISABEL C				5ª hora MIGUEL GIL	
21	22	23	24	25	23	24	25	26	27
3ª hora CARLOS V/ DOLORES SANS									
28	29	30			30				
	5ª hora PATRICIA/ Mª JOSÉ P./ ESTHER B								

1º ESO B

MARZO					MAIO				
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
3	4	5	6	7				1	2
10	11	12	13	14	5	6	7	8	9
17	18	19	20	21	12	13	1ª hora TALLÓN /DOLORES S.	14	15
								5ª hora PATRICIA/ LOLI CASTRO	16
24	25	26	27	28	19	20	21	22	23
	8ª hora ISABEL C.								2ª hora MIGUEL GIL
31					26	27	28	29	30
					5ª hora MANUEL				
ABRIL					XUNO				
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
	1	2	3	4	2	3	4	5	6
		1ª hora TALLÓN /DOLORES S.				8ª hora ISABEL C			
7	8	9	10	11	9	10	11	12	13
			5ª hora PATRICIA/ LOLI CASTRO				1ª hora TALLÓN /DOLORES S.		
14	15	16	17	18	16	17	18	19	20
				2ª hora MIGUEL GIL				5ª hora PATRICIA/ LOLI CASTRO	
21	22	23	24	25	23	24	25	26	27
5ª hora MANUEL									
28	29	30			30				
	8ª hora ISABEL C.								

1º ESO C

MARZO					MAIO				
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
3	4	5	6	7				1	2
10	11	12	13	14	5	6	7	8	9
17	18	19	20	21	12	13	14 1ª hora TALLÓN /DOLORES S.	15	16
24	25	26	27	28	19	20	21	22 5ª hora PATRICIA/ LOLI CASTRO	23
31	8ª hora ISABEL C.				26	27	28	29	30 2ª hora MIGUEL GIL
					5ª hora MANUEL				
ABRIL					XUNO				
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
	1	2 1ª hora TALLÓN /DOLORES S.	3	4	2	3 8ª hora ISABEL C	4	5	6
7	8	9	10 5ª hora PATRICIA/ LOLI CASTRO	11	9	10	11 1ª hora TALLÓN /DOLORES S.	12	13
14	15	16	17	18 2ª hora MIGUEL GIL	16	17	18	19 5ª hora PATRICIA/ LOLI CASTRO	20
21	22	23	24	25	23	24	25	26	27
28	29	30			30				
	8ª hora ISABEL C.								

2º ESO A

MARZO					MAIO				
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
3	4	5	6	7				1	2
10	11	12	13	14	5	6	7	8	9
17	18	19	20	21	12	13	14 6ª hora Mª JOSÉ VARELA	15	16
24	25	26	27	28	19	20	21	22 4ª hora PILAR GONZÁLEZ	23
31	6ª hora PILAR PAREDES				26	27	28	29	30 2ª hora AUGUSTO/ PATRICIA
					5ª hora ROSA Mª				
ABRIL					XUNO				
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
	1	2 6ª hora Mª JOSÉ VARELA	3	4	2	3 8ª hora PILAR PAREDES	4	5	6
7	8	9	10 4ª hora PILAR GONZÁLEZ	11	9	10	11 6ª hora Mª JOSÉ VARELA	12	13
14	15	16	17	18 2ª hora AUGUSTO/ PATRICIA	16	17	18	19 4ª hora PILAR GONZÁLEZ	20
21	22	23	24	25	23	24	25	26	27
28	29	30			30				
5ª hora ROSA Mª	6ª hora PILAR PAREDES								

2º ESO B

MARZO					ABRIL				
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
3	4	5	6	7		1	2	3	4
							4ª hora MP JOSÉ VARELA		
10	11	12	13	14	7	8	9	10	11
								5ª hora ROSA Mª	
17	18	19	20	21	14	15	16	17	18
									4ª hora PILAR GONZÁLEZ
24	25	26	27	28	21	22	23	24	25
	6ª hora MANUEL				3ª hora GEMA/MARGA				
31					28	29	30		
						6ª hora MANUEL			
MAIO					XUNO				
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
			1	2	2	3	4	5	6
						6ª hora MERCEDES O.			
5	6	7	8	9	9	10	11	12	13
		4ª hora MP JOSÉ VARELA					4ª hora MP JOSÉ VARELA		
12	13	14	15	16	16	17	18	19	20
			5ª hora ROSA Mª					5ª hora ROSA Mª	
19	20	21	22	23	23	24	25	26	27
				4ª hora PILAR GONZÁLEZ					
26	27	28	29	30	30				
3ª hora GEMA/MARGA									

2º ESO C

MARZO					ABRIL				
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
3	4	5	6	7		1	2	3	
							3ª hora PILAR GONZÁLEZ		
10	11	12	13	14	7	8	9	10	
								6ª hora GEMA	
17	18	19	20	21	14	15	16	17	
24	25	26	27	28	21	22	23	24	
	6ª hora MERCEDES O.				5ª hora PILAR PAREDES				
31					28	29	30		
						6ª hora MERCEDES O.			
MAIO					XUNO				
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
			1	2	2	3	4	5	
						6ª hora MERCEDES O.			
5	6	7	8	9	9	10	11	12	
		3ª hora PILAR GONZÁLEZ					3ª hora PILAR GONZÁLEZ		
12	13	14	15	16	16	17	18	19	
			6ª hora GEMA					6ª hora GEMA	
19	20	21	22	23	23	24	25	26	
				6ª hora MANUEL					
26	27	28	29	30	30				

Proposta 2: Lectura na aula na hora de tutoría como base de traballo dos temas transversais

Consiste na lectura compartida, en voz alta, dunha serie de obras na hora de tutoría con realización de diversas actividades en torno ás lecturas. A lectura servirá como pretexto para o tratamento de temas transversais que constitúen os principios fundamentais do proxecto educativo do centro. Esta actividade será competencia dun equipo específico integrado polas representantes dos Departamento de Orientación e de Normalización Lingüística, a responsable da biblioteca e o profesorado tutor dos grupos de primeiro ciclo de ESO.

Esta proposta presenta as seguintes vantaxes:

- Reforza a presenza da hora de lectura na aula.
- Permite incluír a lectura de obras literarias na aprendizaxe de temas transversais e a educación en valores .
- Facilita a aprendizaxe por tarefas.

Algunhas desvantaxes que non deberían ser obstáculo para a súa aplicación:

- A compoñente lúdica da lectura vese diminuída.
- Ao ser competencia dun equipo integrado por tutores, Departamentos de Orientación e Normalización Lingüística e representante da biblioteca, córrese o risco de que haxa algunha dificultade á hora de enfocar o traballo dos temas transversais ou que se minimicen algunhas cuestións.

Sesións de aplicación:

Primeira sesión:

- Actividades iniciais:
 - ➔ Presentación e animación á lectura dos libros na aula. É conveniente que os membros das familias interveñan como lectores, motivadores e animadores no

ámbito persoal do alumnado.

- ➔ Selección de lecturas que sirvan de base para a educación en valores: educación medioambiental, non sexista, respecto ás minorías, ás mulleres, educación para a paz, etc. A selección das lecturas (textos continuos) farase en función dos contidos que se queiran desenvolver en cada trimestre; por exemplo, leranse un ou dous libros curtos tratando os correspondentes valores cada trimestre. Cada grupo decidirá os valores, as obras e as actividades que desexa traballar.
- ➔ Planificación consensuada do traballo do alumnado negociando e insertando as súas propostas. A programación das actividades farase intentando desenvolver os contidos do plan de lectura nunha unidade de traballo que contemple obxectivos, contidos e criterios de avaliación de acordo co esquema previo.

Segunda e terceira sesión:

- Búsqueda por grupos de información complementaria sobre diversos temas de interese suscitados pola lectura. A biblioteca terá unha función de apoio como centro de recursos humanos e materiais para a búsqueda desa información.
- Síntese da información e posta en común por medio de actividades comunicativas orais, escritas, e gráficas, con difusión dentro e fóra da aula: debates, mesas redondas, comentarios orais, exposicións, murais, carteis, etc.

Cuarta sesión:

- Autoavaliación das aprendizaxes adquiridas sobre cada un dos temas.
- Avaliación da actividade valorando as competencias adquiridas polo alumnado.

Materiais necesarios na biblioteca de aula:

- Obras de lectura (un exemplar por cada dous alumnos) e as súas correspondentes versións fílmicas cando sexa posible.
- Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

- Declaración Universal dos Dereitos do Neno.
- Declaración Universal dos Dereitos dos Animais.
- Constitución Española.

Obras de lectura -en castelán e galego- por niveis:

Para 1º e 2º de ESO:

-**Un anuncio para papá** de Brigitte Peskine. (Temática: soedade, confianza, amor e comunicación nas relacións paterno-filiais, maduración psicolóxica na adolescencia e superación de obstáculos cotiáns. Préstase á análise dos artigos 12, 18, 27 e 31 da Declaración de Dereitos do Neno).

-**Benny y Omar** de Eoin Colfer. (Temática: Dereitos humanos e realidade social. Artículos 6, 20, 24, 25, 26, 27, 28 e 32 da Declaración dos Dereitos do Neno).

-**Memorias dunha vaca** de Bernardo Atxaga. (Educación para a paz, ambiental, moral e cívica)

-**Colmillo blanco** de Jack London. (Medioambiente. Dereitos humanos e realidade social. Artículo 1 dos Dereitos Humanos e artículo 3 da Declaración Universal dos Dereitos dos Animais).

-**La vida sobre ruedas** de Miguel Delibes. (Medioambiente. Dereitos humanos e realidade social. Artículos 45 da Constitución Española e 26 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos).

-**¿Quién cuenta las estrellas?** De Lois Lowry. (Dereitos humanos e realidade social. Tolerancia. Artículos 1, 5, 9, 14 e 18 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos).

-**Tristes armas** de Marina Mayoral. (Solidariedade, guerra-paz...).

-**A lingua das bolboretas** de M. Rivas.

-**El misterio del eunuco** de José Luis Velasco. (Educación moral e cívica, para a

saúde, a convivencia, non sexista e para a paz).

-Hoyos de Louis Sachar. (Acoso escolar, amizade, maduración psicolóxica na adolescencia, superación dos obstáculos, análise dos artigos da Declaración dos Dereitos de Neno que se incumpren nesta historia: 3, 12, 20...)

-El curso en que me enamoré de ti de Blanca Álvarez. (Dereitos humanos e realidade social. Igualdade. Artículos 14 da Constitución Española e artículo 26 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos).

-Corazón de roble de Emili Teixidor. (Aspectos dos dereitos humanos e da realidade social -inicio das loitas obreiras-. Artículo 1, 23 e 24 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos).

-Sin vuelta atrás de Jordi Sierra i Fabra (acoso escolar).

-Cuentos de otoño de Grégoire Solotareff (208 páxinas). Son contos protagonizados por animais de todo tipo. Breves, enxeñosos, filosóficos... son como viñetas das contradicións da vida. Cada conto corresponde a un día distinto, desde o comezo do outono ata o inicio do inverno. Pódense ler ao azar, todos seguidos, ou ler un por día e traballar sobre el.

-Los siete poderes de Alex Rovira Celma.

7ª fase: Avaliación do Plan lector. Avaliarase a resposta por parte do alumnado e do profesorado, a adecuación dos materiais e os obxectivos acadados.

Criterios de avaliación:

1. Con respecto ao alumnado:

- ♦ Adquire hábito lector.
- ♦ Subsana carencias con respecto á competencia lectora (lectura en voz alta,

correcta: expresividade, entonación, articulación, dición, pausas, velocidade, ritmo....) e á comprensión dos textos desde o vocabulario ata o nivel estrutural.

- ♦ Mellora a expresión oral e escrita.
- ♦ Mostra competencia cultural e artística.
- ♦ Mostra actitudes críticas e reflexivas que lle axudan a desenvolverse non só no ámbito académico, senón tamén no ámbito persoal e social.

2. Con respecto aos materiais:

- ♦ Os materiais de consulta e apoio á lectura son suficientes.
- ♦ As lecturas son adecuadas á idade dos lectores.
- ♦ Abren vías de coñecemento nas distintas materias.
- ♦ Tratan temas de interese.
- ♦ Son entretidas.
- ♦ Teñen calidade literaria, riqueza e corrección expresiva.

3. Con respecto á resposta da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, biblioteca municipal e bibliotecas escolares da zona, editoriais...).

- ♦ Implícase nestas accións e participa nas actividades.

